



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA “REURBANIZACIÓN DA RÚA CONVENTO”**

**Nº Expediente:** 2017/C003/000010

**Asunto:** Adjudicación da obra REURBANIZACIÓN DA RÚA CONVENTO. POS+2018

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.01.2019 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adjudicación do contrato de obras denominado “Reurbanización da Rúa Convento”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adjudicación.

Con data 10.01.2019 publicouse a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

CIF: B15840861 BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.  
CIF: B15119837 CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.  
CIF: B15768880 CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.  
CIF: B15822620 EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.  
CIF: B36495604 GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.  
CIF: B15111503 JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.  
CIF: A15210669 LOPEZ Y LEIS,S.A.

A Mesa de contratación nas reunións de datas 4 e 18 de febreiro de 2019 novembro de 2018, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Apertura dos sobres de todas as empresas presentadas, resultando admitidas todas elas.
- 2.- Valoración oferta criterios cuantificables automáticamente. As proposicións técnicas foron valoradas de acordo aos criterios do PCAP, resultando as seguintes puntuacións:

Ofertas económicas:

EMPRESAS	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)	IVE	TOTAL (IVE incluído)
LOPEZ Y LEIS,S.A.	51.500,00	10.815,00	62.315,00
EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.	41.748,21	8.767,12	50.515,33
JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	52.040,00	10.928,40	62.968,40
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	54.642,74	11.474,98	66.117,72
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	46.200,00	9.702,00	55.902,00
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	49.190,03	10.329,91	59.519,94
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	53.981,92	11.336,20	65.318,12

Resto de criterios:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





EMPRESAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	ESTABILIDADE TEMPORAL FIXOS	ESTABILIDADE TEMPORAL MULLERES	PLAN IGUALDADE	PRAZO GARANTÍA	REDUCCIÓN PRAZO	TOTAL
LOPEZ Y LEIS,S.A.	50,09	5,00	5,00	5,00	10,00	0,00	75,09
EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, S.L.	60,00	3,33	0,00	5,00	7,50	1,00	76,83
JOSÉ MANUEL PIÑEIRO LÓPEZ, S.L.	49,55	6,15	1,56	0,00	10,00	2,98	70,25
CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L.	46,90	6,84	0,00	0,00	10,00	6,93	70,67
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	55,48	4,00	2,50	0,00	10,00	0,00	71,98
CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.	52,44	10,00	1,92	0,00	10,00	6,53	80,89
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	47,58	8,75	1,19	5,00	10,00	0,00	72,52

3.- Detéctase que a empresa Excavaciones y Canalizaciones CONDE, S.L. presenta unha oferta que pode conter valores anormalmente baixos, polo que se require a esta empresa para que xustifique a súa oferta.

4.- Dentro do prazo establecido, esta empresa non presentou documentación xustificativa, polo que se exclúe da presente licitación.

5.- Vista a solicitude de inscrición no ROLECE, así como a inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e comprobado o cumprimento das condicións de aptitude e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial e non concurrencia das prohibicións de contratar, así como coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Mesa formula con data 18.02.2019 unha proposta de adjudicación a favor da seguinte empresa, por ser o licitador que presentou a mellor oferta:

- empresa: CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.
- prezo: 49.190,03 € e 10.329,91 € de IVE (total IVE incluído: 59519,94 €)
- prazo de execución: 42 días naturais

O día 19.02.2019 requiriuse á empresa proposta para que presentara a documentación á que se refire a cláusula 16.1.4.1 do PCAP, e constituíra a garantía definitiva polo importe de 2.459,50 €.

Con data 27.02.2019 a empresa CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a xustificación de ter constituída a garantía definitiva polo importe de 2.459,50 euros mediante transferencia do Banco Sabadell de data 27.02.2019 e os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 150 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 315/2015 de 01.07.2015 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

2. Adjudicar o contrato de obras de REURBANIZACIÓN DA RÚA CONVENTO por procedemento aberto simplificado coas seguintes condicións:

- empresa: CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L.
- prezo: 49.190,03 € e 10.329,91 € de IVE (total IVE incluído: 59519,94 €)

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





- prazo de execución: 42 días naturais
- 3. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.
- 4. Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.
- 5. Notificar a CONSTRUCCIONES CANOSA, S.L, empresa adxudicataria do contrato, o presente acordo e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo, no Concello de Cedeira.
- 6. Publicar a adxudicación do contrato de obras “Reurbanización da Rúa Convento” na Plataforma de Contratos do Sector Público.
- 7. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de replanteo e inicio da obra.
- 8. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- 9. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.
- 10. Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

